



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

*Anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal n.º 11: taxas no Mercado Municipal de Abastos*

### ANUNCIO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do luns, 25 de abril do 2022 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.º.–Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 11 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola concesión de postos e pola prestación de servizos no Mercado Municipal de Abastos.

2.º.–Proceder á exposición pública do acordo de modificación da devandita Ordenanza durante un prazo de 30 días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións. De non se teren presentado alegacións, a modificación da Ordenanza considerárase tacitamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor, unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva da mesma, xunto co texto íntegro da modificación operada na Ordenanza, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P

O expediente estará a disposición dos interesados durante o período de exposición pública nas dependencias do Concello, e, ao tempo, o texto da ordenación proposta poderase consultar na web corporativa do concello [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)., na sección de avisos de Carballo ao día.

Carballo, 5 de maio do 2022.

O ALCALDE

Asdo.: Evencio Ferrero Rodríguez

2022/2485